

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**5393** *Real decreto 253/2011, do 28 de febreiro, sobre réxime xurídico dos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.*

O artigo 127 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, dispuxo que, con carácter permanente:

«Un. No Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, existirán dez prazas servidas por notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, dependentes directamente do director xeral.

Dous. Estas prazas proveranse mediante concurso de méritos que se convocará e resolverá na forma e co réxime xurídico que determina a lexislación hipotecaria.

Tres. As ditas prazas non incrementarán a relación de postos de traballo que teña autorizada o Ministerio de Xustiza e aqueles que as ocupen manterán o seu réxime retributivo propio, regulado pola lexislación hipotecaria.»

Sobre esta base legal aprobouse o Real decreto 1786/1997, do 1 de decembro, co obxectivo de recoller nun único texto regulamentario as normas aplicables ás citadas prazas de notarios e rexistradores. Transcorridos 13 anos desde a aprobación do mencionado real decreto e co fin de adaptar este réxime de adscrición ás necesidades actuais da Dirección Xeral, redactouse un novo texto que recolle de forma integral o réxime xurídico destes profesionais adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Esta habilitación regulamentaria específica deriva da disposición derradeira sétima da Lei 13/1996 e da potestade regulamentaria xeral que o artigo 97 da Constitución atribúe ao Goberno.

En liña co sinalado polo Consello de Estado no seu ditame, este real decreto incorpora un réxime transitorio para os notarios e rexistradores adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado na data de entrada en vigor deste real decreto.

As funcións dos notarios e rexistradores adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado deberán ser cumpridas coa dilixencia exixible a todo funcionario público; en ningún caso poderán desempeñar funcións de representación corporativa nin defender intereses propios ou alleos distintos aos inherentes ás súas funcións como notarios e rexistradores adscritos.

As funcións dos notarios e rexistradores mencionados débense entender sen prexuízo das consultivas da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, en particular, da Avogacía do Estado que desempeña o asesoramento ordinario do Ministerio de Xustiza, así como das funcións de promoción lexislativa atribuídas á Secretaria Xeral Técnica do Ministerio de Xustiza.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Xeral do Notariado e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de febreiro de 2011,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Prazas e adscrición.*

No Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, existirán dez prazas servidas por notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, dependentes directamente do titular da Dirección Xeral.

Artigo 2. *Distribución.*

Das dez prazas, unha metade corresponderá a notarios e a outra a rexistradores da propiedade e mercantís. Así mesmo, procurarase unha representación igualitaria entre homes e mulleres en cada un dos grupos profesionais.

Artigo 3. *Condicións dos aspirantes.*

Os notarios e os rexistradores deberán levar máis de cinco anos de servizos efectivos no seu respectivo corpo cando formalicen a solicitude.

Non poderán concorrer a estas prazas os notarios e rexistradores que desempeñen un cargo nas xuntas territoriais ou autonómicas do Colexio de Rexistradores ou nas xuntas directivas dos colexios notariais, nin aqueles que desempeñen un cargo no Consello Xeral do Notariado ou no Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.

Artigo 4. *Convocatoria.*

As prazas indicadas proveranse por concurso de méritos convocado por orde do ministro de Xustiza, que se anunciará no «Boletín Oficial del Estado».

As prazas non cubertas no correspondente concurso de méritos, así como as que vaian quedando vacantes, proveranse tamén por concurso entre os pertencentes ao corpo de que forme parte o cesante ou ao que correspondese a praza non cuberta. Eses concursos convocaranse tan axiña como se constate a existencia de prazas non cubertas.

Artigo 5. *Solicitudes.*

Os notarios e os rexistradores que desexen concursar elevarán as súas instancias á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, con alegación dos méritos oportunos, acompañados da debida xustificación.

Artigo 6. *Méritos.*

No concurso para a provisión das prazas de notarios e rexistradores adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado valoraranse os seguintes méritos: a) a antigüidade entre rexistradores conforme a escala vixente no momento de se resolver o concurso, e entre notarios, a categoría respectiva ou a antigüidade na carreira se foi gañada por oposición; b) a posesión de títulos universitarios, á marxe dos exixidos para acceder aos corpos de notarios e aspirantes a rexistradores, e doutros méritos académicos; c) a publicación de estudos xurídicos relacionados coas materias da competencia da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado; d) a prestación de servizos duradeiros ou ocasionais á mencionada Dirección Xeral.

A valoración dos méritos realizaraa unha comisión que estará presidida polo titular da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e por dous vogais, funcionarios con nivel orgánico de subdirector xeral ou asimilado do Ministerio de Xustiza, un dos cales actuará de secretario.

Artigo 7. *Nomeamento.*

O concurso de méritos resolverao o ministro de Xustiza, por proposta do presidente da comisión a que se refire o artigo anterior, nun prazo máximo de dous meses a partir da súa

convocatoria. Do nomeamento tomarase razón no expediente persoal de cada notario ou rexistrador.

*Artigo 8. Réxime xurídico e duración.*

Os notarios e rexistradores adscritos á Dirección Xeral deberán estar en servizo activo nos seus respectivos corpos mentres dure a súa adscrición, que, en todo, caso terá un prazo de catro anos contados desde a data da toma de posesión e renovable unha soa vez por un período de dous anos a través da correspondente participación no concurso de méritos en igualdade de condicións cos restantes interesados, e o prazo de seis anos será o límite absoluto de tal réxime de colaboración. Durante a súa adscrición á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado conservarán os seus despachos, sen prexuízo da substitución prevista no artigo nove, e manterán o seu réxime retributivo propio, regulado pola lexislación hipotecaria.

*Artigo 9. Substitucións.*

1. O notario adscrito á Dirección Xeral será substituído na súa notaría por un notario en activo, nomeado pola Dirección Xeral por proposta do substituído e de conformidade co substituído.

2. O rexistrador adscrito á Dirección Xeral será substituído no seu rexistro por un rexistrador interino, nomeado pola Dirección Xeral por proposta do substituído e de conformidade co interino.

3. Por razón de servizo, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá designar directamente o notario substituído ou o rexistrador interino, atendendo, de ser posible, ás previsións dos cadros de substitucións dun e doutro corpo.

*Artigo 10. Supostos de cesamento.*

1. O notario ou o rexistrador adscrito á Dirección Xeral cesará no seu posto polo transcurso do prazo de duración da adscrición establecida no artigo 8 deste real decreto.

2. Así mesmo, cesarán no seu posto cando por excedencia ou por outra causa deixen de estar en servizo activo no corpo respectivo, ou ben cando sexan nomeados para o desempeño de funcións corporativas nos colexios notariais, Consello Xeral do Notariado, nos decanatos autonómicos ou territoriais, ou no Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.

*Artigo 11. Remoción.*

Os notarios e os rexistradores poderán ser removidos do seu posto polo titular do Ministerio de Xustiza por proposta da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado antes do prazo indicado no artigo 8 deste real decreto e por xusta causa relativa ao cumprimento dos deberes do seu destino no centro directivo. O expediente, que requirirá a audiencia do interesado, deberase resolver no prazo máximo de tres meses e a resolución que se dite nel porá fin á vía administrativa.

Ademais, os notarios e rexistradores adscritos poderán ser removidos cando sexa aprobada unha nova organización das actividades desempeñadas por eles ou unha nova administración das citadas prazas na Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

*Artigo 12. Funcións.*

Nas materias cuxa competencia corresponda á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, os notarios e rexistradores adscritos colaborarán de acordo coa distribución de funcións que estableza o titular do centro directivo.

Artigo 13. *Comisións de servizo.*

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá conceder as comisións de servizo establecidas no artigo 272 da Lei hipotecaria aínda que as dez prazas previstas neste real decreto se encontren cubertas.

Disposición adicional única. *Disposición de medios materiais e persoais.*

O Ministerio de Xustiza, sen incremento de custos económicos nin da relación de postos de traballo, adoptará as medidas necesarias para que os notarios e rexistradores adscritos poidan dispor dos medios materiais e da colaboración do persoal funcionario adscrito á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado necesarios no desempeño da súa función.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos notarios e rexistradores adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado no momento da entrada en vigor deste real decreto.*

Os notarios e rexistradores actualmente adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado quedarán sometidos ao réxime xurídico deste real decreto, aínda que o cómputo do prazo establecido no artigo 8 se contará desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogados os artigos 457 a 463 (ambos inclusive) do Regulamento hipotecario, aprobado polo Decreto do 14 de febreiro de 1947, relativos ao corpo facultativo da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, así como a súa normativa de desenvolvemento e aplicación.

2. Queda derogado o Real decreto 1786/1997, do 1 de decembro, sobre réxime xurídico dos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís adscritos á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

3. Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ou sexan incompatibles coa regulación contida neste real decreto, así como a súa normativa de desenvolvemento e aplicación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este regulamento ten a súa base na competencia estatal da ordenación dos rexistros e instrumentos públicos do artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

O ministro de Xustiza ditará cantas disposicións sexan necesarias en execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de febreiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ